

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL LOUSAME

Publicación das bases de subvencións en materia de axuda ao transporte a estudantes curos 2018/2019

ANUNCIO.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lousame, en sesión de data 31 de xaneiro de 2019, acordou efectuar a convocatoria pública e aprobar as bases para a concesión de axudas en réxime de concorrència competitiva daquel alumnado que empadroado no concello de Lousame e con residencia efectiva no Concello curse estudos universitarios ou de ciclos superiores en centros públicos de Galicia durante o curso 2018/2019, que se insiren a seguir:

BASES EN GALEGO:

BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS EN MATERIA DE AXUDAS PARA TRANSPORTE A ESTUDANTES, CURSO 2018/2019.

1. Bases Reguladoras.

As presentes bases teñen por obxecto establecer as normas reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrència competitiva, daquel alumnado que, empadroado e con residencia efectiva no Concello de Lousame, curse estudos universitarios ou de ciclos superiores en centros públicos de Galicia durante o curso 2018/2019.

2. Obxecto, Condicións e Finalidade da Subvención.

A subvención ten por finalidade favorecer o desprazamento do alumnado empadroado e con residencia efectiva en Lousame que curse estudos Universitarios ou de Ciclos Superiores en centros públicos de Galicia.

Poderán ser obxecto de subvención os gastos de transporte daquel alumnado que curse Estudos Universitarios ou estudos de Ciclo Superior en centros públicos, no curso 2018/2019.

3. Créditos Orzamentarios.

O crédito orzamentario ó que se imputa a subvención é a aplicación orzamentaria 326.480.00, co importe de 4.000,00 €.

4. Requisitos das persoas solicitantes.

- o Estar empadroado/a e con residencia efectiva no Concello de Lousame, cun mínimo dun ano de antigüidade.
- o Cursar estudos Universitarios ou de Ciclos Superiores en centros públicos de Galicia no curso académico 2018/2019.
- o Non superar a unidade familiar a renda per cápita anual de 9.000,00 euros (referida a renda do ano 2017).

Ós efectos da presente convocatoria entenderase por unidade familiar:

1. Para o cálculo da renda familiar a efectos da axuda, son membros computables da familia o pai e a nai, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor, no seu caso; o solicitante, os irmáns solteiros menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar ao 31 de decembro de 2018 ou os de maior idade, cando se trate de persoas con discapacidade, así como os ascendentes dos pais que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio que os anteriores co certificado de empadramento conxunto.

No caso de solicitantes que constituían unidades familiares independentes, tamén se consideran membros computables o cónxuxe ou, no seu caso, a persoa á que se ache unido por análoga relación, así como os fillos se os houbera e que convivan no mesmo domicilio.

2. No caso de divorcio ou separación legal dos pais, non se considerará membro computable aquel deles que non conviva co solicitante da axuda, pero terá, con todo, a consideración de membro computable e sustentador principal, no seu caso, o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, cuxas rendas e patrimonio incluíranse dentro do cómputo da renda e patrimonio familiares.

Cando o réxime de custodia dos fillos sexa o de custodia compartida, consideraranse membros computables o pai e a nai do solicitante da bolsa, os seus fillos comúns e os ascendentes do pai e da nai que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio que os anteriores co certificado municipal correspondente.

3. Nos supostos nos que o solicitante da axuda sexa un menor en situación de acollemento, será de aplicación á familia de acollida o disposto nos párrafos anteriores. Cando se trate dun maior de idade terá a consideración de non integrado na unidade familiar a estes efectos.

4. Nos casos en que o solicitante alegue a súa emancipación ou independencia familiar e económica, calquera que sexa o seu estado civil, deberá acreditar fehacientemente que conta con medios económicos propios suficientes que permitan dita independencia así como a titularidade ou o aluguer do seu domicilio habitual. En caso contrario, e sempre que os ingresos acreditados resulten inferiores aos gastos soportados en concepto de vivenda e outros gastos considerados indispensables, entenderase non probada a independencia, polo que, para o cálculo da renda familiar a efectos da axuda, computaranse os ingresos correspondentes aos membros computables da familia a que se refiren os apartados 1 e 2.

Ademais dos requisitos incluídos no apartado anterior, será preciso que a puntuación global obtida polo/a solicitante en virtude do disposto na base décima "Criterios de valoración de solicitudes" o sitúe dentro do crédito orzamentario dispoñible.

5. Contía das axudas.

O Concello de Lousame aboará as axudas ás persoas solicitantes que reúnan os requisitos previstos nesta orde, segundo a renda per cápita familiar no ano 2017:

- o Renda per cápita familiar anual ata 5.400 €: 250,00€
- o Renda per cápita familiar anual dende 5.401€ ata 9.000 €: 150,00€

6. Órgano Competente para a Instrución e Resolución.

O órgano competente para a instrución do expediente é a concelleira delegada de educación. O órgano competente para resolver será a Xunta de Goberno Local.

7. Prazo de Presentación de Solicitudes e Documentación.

As solicitudes formularanse no modelo que figura como Anexo I desta convocatoria. Dirixiranse á Sra. alcaldesa-presidenta do Concello, e presentaranse no Rexistro de Entrada do Concello, no **prazo de vinte días naturais** dende a publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Deberá acompañarse a solicitude dos seguintes/documentos:

- Fotocopia cotexada do D.N.I. do/a estudante, e da persoa que o representa no caso de menores de idade.
- Acreditación da condición de estudante mediante a entrega de copia cotexada da matrícula do curso 2018/2019, xunto coa carta de pagamento ou, no seu defecto, certificado do centro onde figure curso académico, nome do alumno/a, materia que estuda, e que ten aboado ou está exento do pago das taxas correspondentes.
- Certificación de convivencia da unidade familiar.
- Fotocopia cotexada das páxinas escritas do Libro de Familia.
- Declaración da Renda correspondente ao exercicio 2017 de tódolos membros computables da unidade familiar, ou de non facela, certificacións de imputación de rendas correspondente ao exercicio 2017 expedida pola Axencia Tributaria, de tódolos membros computables da unidade familiar que obteñan ingresos de calquera natureza.
- Certificación de importe anual de pensións; invalidez, orfandade, estranxeiro e/ou outras, correspondente ao ano 2017.
- Certificación bancaria da conta corrente da persoa interesada, para o ingreso da axuda, si é o caso.

Documentación complementaria:

- No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude deberá acompañarse copia cotexada dun dos seguintes documentos:
- Certificado emitido polo órgano competente do grao de minusvalía cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%.
- Resolución ou certificado emitido pola Seguridade Social da pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez.
- Documentación acreditativa da condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

- No caso de familia numerosa: copia cotexada do título de familia numerosa en vigor.
- No caso de situacións de desemprego: certificación do Servizo Público de Emprego.
- No caso de orfandade: xustificante que acredite dita situación.

8. Procedemento, Prazo de Resolución e Notificación.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes a Concelleira Delegada da Área de Educación procederá ó exame das solicitudes presentadas, que implicará a comprobación previa para verificar que as persoas solicitantes reúnen os requisitos esixidos.

No caso de que algunha das solicitudes tivese algún erro ou omisión subsanable, seralle comunicado a persoa interesada para que no prazo máximo e improrrogable de dez días hábiles poida emendar a falta. Se os erros non se corruxen ou non se cumprisen os requisitos mínimos establecidos, non se admitirá a solicitude.

Rematada a dita comprobación, procederá ó estudo e valoración das solicitudes e emitirá unha Proposta que deberá ser aprobada e resolta definitivamente polo órgano competente.

O prazo de resolución e notificación será de 3 meses dende a data de finalización da presentación de solicitudes, e deberá conter a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención.

A resolución definitiva notificarase ás persoas interesadas que foran propostas como persoas beneficiarias na fase de instrución, para que no prazo de dez días naturais comuniquen a súa aceptación.

Ó vencemento do prazo máximo sen haberse notificado a resolución lexítima ás persoas interesadas, entenderase desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

9. Fin da Vía Administrativa.

O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. De acordo co que dispón o artigo 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante [o Alcalde/Pleno] deste Concello, no termo dun mes a contar desde o día seguinte da recepción da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo competente.

10. Criterios de Valoración de Solicitudes.

A valoración das solicitudes realizarase aplicando o seguinte baremo:

1º SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR

1.1 - Por cada membro da unidade familiar, afectado por minusvalía física, psíquica ou sensorial: 2 ptos.

1.2 - Pola condición de familia numerosa: 2 ptos.

1.3 - Pola condición de familia monoparental: 3 ptos.

1.4 - Pola condición de orfandade: 3 ptos.

2º SITUACIÓN LABORAL

2.1 - Situación de desemprego:

- Pai: 3 ptos.

- Nai: 3 ptos.

2.2 - No caso de familias monoparentais, adxudicaráselles a puntuación da epígrafe correspondente multiplicada por dous.

3º INGRESOS ECONÓMICOS

Para a ponderación dos mesmos tomarase como referencia o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) 2018 anual, fixando como importe máximo de ingresos a cantidade de 9.000€.

INGRESOS PER CÁPITA ANUAL		
Ata	1.613,51	10 puntos
1.613,52 €	3.227,04	8 puntos
3.227,01 €	4.840,56 €	6 puntos
4.840,57 €	6.454,08	4 puntos
6.454,09 €	8.067,60 €	2 puntos
8.067,61 €	9.000,00 €	1 punto

En caso de obter igual puntuación, daráselle prioridade á renda per cápita anual máis baixa.

11. Xestión e medidas de garantía.

Unha vez ditada e notificada a resolución de concesión da subvención deberase comunicar por parte da persoa beneficiaria a aceptación da mesma.

O órgano concedente poderá realizar os controis administrativos e inspeccións que considere oportunos co fin de comprobar a veracidade dos datos consignados na documentación presentada, así como o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda. A persoa beneficiaria terá a obriga de colaborar en dita inspección, proporcionando os datos requiridos.

ANEXO I. SOLICITUDE PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS EN MATERIA DE AXUDAS PARA TRANSPORTE A ESTUDANTES, CURSO 2018/2019.

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

Nome e apelidos	DNI
Enderezo	Teléfono
Centro Universitario /Centro Ciclo Superio	Localidade e provincia do Centro

DATOS DO REPRESENTANTE (si o/a solicitante é menor de idade)

Nome e apelidos	DNI
Enderezo	Teléfono

DATOS DOS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR: (Entenderase por unidade familiar os proxenitores, os/as fillos/as menores de idade, os/as fillos/as maiores con discapacidade e os/as fillos/as solteiros/as menores de 25 anos, e avós se se xustifica a súa residencia no mesmo domicilio)

Nome e apelidos	Parentesco co solicitante	Idade	Ocupación/ situación laboral	Observacións
	SOLICITANTE			

Documentación que se xunta:

- ☐ Fotocopia cotexada do D.N.I. en vigor do/a estudante, e da persoa que o representa no caso de menores de idade.
- ☐ Acreditación da condición de estudante en centros públicos mediante a entrega de copia cotexada da matrícula do curso 2018/2019, xunto coa carta de pagamento ou, no seu defecto, certificado do centro onde figure curso académico, nome do alumno/a, materia que estuda, e que ten aboado ou está exento do pago das taxas correspondentes.
- ☐ Certificación de convivencia da unidade familiar.
- ☐ Fotocopia cotexada das páxinas escritas do Libro de Familia.
- ☐ Declaración da Renda do ano 2017 de tódolos membros computables da unidade familiar que obteñan ingresos de calquera natureza, ou de non facela Certificacións de imputación de rendas correspondente ao exercicio 2017 expedida pola Axencia Tributaria, ou autorización para a obtención de datos fiscais segundo o Anexo II.
- ☐ Certificación de importe anual de pensións; invalidez, orfandade, estranxeiro e/ou outras, correspondente ao ano 2017.
- ☐ Certificación bancaria da conta corrente da persoa interesada, para o ingreso da axuda, si é o caso.

Documentación complementaria:

- ☐ No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude deberá acompañarse copia cotexada dun dos seguintes documentos:
 1. Certificado emitido polo órgano competente do grao de minusvalía cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%.
 3. Resolución ou certificado emitido pola Seguridade Social da pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez.
 4. Documentación acreditativa da condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

1. No caso de familia numerosa: copia cotexada do título de familia numerosa en vigor.
2. No caso de situacións de desemprego: certificación do Servizo Público de Emprego.
3. No caso de orfandade: xustificante que acredite dita situación.

Por todo o cal declaro que son certos os datos consignados na presente solicitude.

En _____, a ____ de _____ de 2019.

Asdo.: A persoa solicitante, ou quen o representa si esta é menor de idade.

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE LOUSAME

INFORMACIÓN AVANZADA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS – SERVICIOS SOCIAIS. O/a Responsable de Tratamento dos datos persoais é CONCELLO DE LOUSAME, con dirección CG 1.5, 15214 -LOUSAME (A CORUÑA); arturo.barreiro@concelodelousame.gal.

1.- DPO: A persoa Delegada de Protección de Datos do CONCELLO DE LOUSAME é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. co que poderá contactar en arturo.barreiro@concelodelousame.gal.

2.-FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán utilizados para a xestión administrativa derivada da solicitude que se presenta. No caso de que haxa omitido algún tipo de información ou non nos informara correctamente, só vostede será responsable.

3.PRAZO DE CONSERVACIÓN:Os datos facilitados conservaranse mentres se manteña a nosa relación, mentres non se solicite a supresión dos mesmos.

4.- LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga coa firma da presente circular.

5.- DEREITOS: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento.

CONCELLO DE LOUSAME dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

ANEXO II: AUTORIZACIÓN PARA A SOLICITUDE DE DATOS TRIBUTARIOS.

De conformidade co previsto na Disposición Adicional Cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e outras Normas Tributarias, e nos termos e cas garantías que se establecen no artigo 2.4 da Orden de 18 de novembro de 1999,

AUTORIZO ao Concello de Lousame a solicitar da Axencia Estatal da Administración Tributaria a información tributaria que precise en relación aos trámites/solicitud formulada para **SOLICITUDE PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES EN MATERIA DE AXUDAS PARA TRANSPORTE A ESTUDANTES, CURSO 2018/2019.**

A presente autorización outorgarse exclusivamente aos efectos do trámite correspondente e en aplicación do artigo 95.1. k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, que permiten, logo da autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as AA. PP. para o desenvolvemento da súas funcións.

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

APELIDOS E NOME DA PERSOA SOLICITANTE	D.N.I. / N.I.E.	SINATURA

DATOS DOUTROS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR DA PERSOA SOLICITANTE MAIORES DE 18 ANOS COMPUTABLES:

PARENTESCO COA PERSOA SOLICITANTE	NOME E APELIDOS	D.N.I./N.I.E	SINATURA

Lousame, de de 2019.

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE LOUSAME.

Lousame, 31 de xaneiro de 2019.

A Alcaldesa.

María Teresa Villaverde Pais.

2019/1009